

# PLAN DE CONVIVENCIA

## CURSO ESCOLAR 2021-2022

Data aprobación polo claustro: 29/01/2019

Data aprobación polo consello escolar: 30/01/2019

Data 1ª revisión: 10/10/2020

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

Este documento actualízao a dirección do centro cando proceda e necesitará a aprobación do Consello Escolar cando sexa necesaria a súa revisión por cambios significativos na norma.

A normativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que o regula é o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 20 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

## Táboa de contido

1. Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da situación da convivencia no centro. ....	4
2. Obxectivos específicos derivados da análise previa.....	6
3. Actuacións, medidas ou programas que se van a desenvolver para favorecer a convivencia.....	6
3.1. Actuacións que facilitan a convivencia, a integración do novo alumnado, así como as relacións entre o alumnado dos distintos grupos. ....	6
I. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.....	6
II. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social. ....	7
III. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.....	7
IV. Aula de convivencia inclusiva.....	7
3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:.....	7
I. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a prepararse para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.....	7
II. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.....	8
III. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. ....	8
3.3. Protocolo de Absentismo. ....	11
3.4. Normas de convivencia do centro.....	11
3.5. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento. (D. 8/2015, 8 xaneiro).....	14
I. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.....	14
II. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección .....	15
III. Criterios para a elección do instrutor. Designación de procedemento e a súa instrución. (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado). ....	17
IV. Gradación das medidas correctoras (art.34).....	18
V. Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º).....	18
VI. Prescrición de condutas e de correccións (art. 56). ....	19

VII. Procedemento común (art. 52).....	19
VIII. Terminación do procedemento .....	19
3.6. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro. (composición, funcións e periodicidade das reunións). .....	20
3.7. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	20
3.8. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	20
3.9. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.....	20

## **1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.**

### **– Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.**

O centro atopase na Illa de Arousa, Pontevedra. Por ser unha illa, a xente da vila ten un carácter singular, todos se coñecen e dalgún xeito os adultos velan polos nenos de todos e saben o que fan e as amizades que teñen, polo que tamén coñecen ao noso alumnado e saben das súas actividades no pobo. Os lugareños acollen moi ben á xente de fóra, polo que tanto o profesorado como o alumnado síntese admitido.

O transporte público de comunicación da Illa co continente é moi escasos o que dificulta que os pais/nais e outras persoas veñan ao centro, xa que hai que dispoñer de vehículo propio para moverse con liberdade e axustar a dispoñibilidade de tempo.

O noso alumnado é na súa maioría, un 95%, doutras localidades polo que moitos viven na Illa no seu período de clases, alugados en vivendas da xente do lugar.

O profesorado vive nun 99% noutras localidades, polo que hai pouca relación coa xente do lugar.

De toda a comunidade educativa, (excluído o alumnado xa que é itinerante permanece no centro dous anos, ata que remata os seus estudos), dunhas 37 persoas, so viven na Illa de Arousa 2 persoas, isto fai que a participación na vida do pobo sexa moi escasa.

A distribución por xénero nas aulas é variable, hai anos que a composición do alumando e 50% homes e 50% mulleres, noutros anos dominan as mulleres e en mergullo sempre dominan os homes.

### **– Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.**

Os aspectos que mais inflúen na convivencia relacionados coa xestión e organización, son aqueles derivados de non convivir coa xente do lugar e por tanto co alumnado fóra de clase. Que o profesorado e o PAS non viva na Illa fai que non exista moito roce co alumnado fóra das aulas, o que é unha vantaxe, xa que o ser un lugar pequeno con poucas actividades e instalacións que permitan o divertimento as relacións serían posiblemente moi intensas o que podería dificultar a autoridade que deben ter os compoñentes da comunidade educativa, separando a función educativa coas relacións persoais.

Os días que hai clase de mañá e tarde, como hai 1h e 30 minutos para xantar, é moita a xente que come na cafetería do centro o que facilita a relación entre eles, fóra da actividade docente.

Os que comen nas cafeterías da vila fano maioritariamente xuntos, no mesmo local, fomentando así as relacións interpersoais.

**– Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias, do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria así como doutras institucións e entidades do contorno.**

Maioritariamente o noso alumnado é adulto e no require unha atención nos períodos de descanso, son independentes, e pasan eses períodos no centro ou no pobo.

Como xa se dixo anteriormente, que os membros da comunidade educativa non vivan na Illa contribúe a que case todo o persoal do centro participe nas actividades que se organizan en horario lectivo, mais non así no horario non lectivo.

As familias non participan na actividade do centro, porque a maioría do alumnado é maior de idade e porque viven noutras localidades o que non facilita a súa participación.

Non temos representantes de pais/nais no Consello Escolar polas mesmas razóns, non vivir na Illa de Arousa e ser o alumnado, maioritariamente, maior de idade. Sen embargo se temos representante do Concello neste órgano colexiado, que participa activamente.

En canto a participación doutras institucións da Illa na actividade do centro, é practicamente inexistente. Todos os anos, organízanse no centro dúas xornadas de portas abertas para dar a coñecer o centro e escasos foron os habitantes da illa que nos visitaron.

O noso centro colabora cada ano nunha actividade de limpeza de praias e do parque natural do Carreirón xunto con outros centros docentes da Illa de Arousa.

**– Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen, e os sectores implicados nestes.**

Poderíase afirmar que no centro non hai conflitividade, moi poucas veces, dende que se abriu o centro, houbo conflito entre os membros da comunidade educativa.

O tipo de conductas contrarias á convivencia, que se presentaron nalgunha ocasión, foron:

- A subtracción dalgún obxecto ou elemento dalgunha persoa da comunidade educativa, como gafas, calculadora, apuntes e moedeiro.
- A subtracción de material da planta de cultivos, como truel, kits de valoración parámetros, etc.
- Mal uso de material de contra incendios.
- Enfrontamento entre o alumnado do meso grupo.
- O uso dos móbiles na aula
- Recentemente apareceron condutas asimilables ao acoso e ciberacoso.

Nas enquisas que todos os anos, cumprimenta o alumnado valorando distintos aspectos da xestión, organización e actividade docente, as valoracións son positivas, pero hai un aspecto que cada ano se manifesta e non somos capaces de corrixir e é a baixa relación entre o alumnado dos distintos grupos. Non existe conflictividade entre grupos distintos se non pouca relación.

Nas enquisas non se reflicten queixas relativas á convivencia.

O alumnado con NEE (Necesidades Educativas Especiais) manifestaron vir receosos, porque nos centros de procedencia a relación co alumnado non foi boa, e mostraron unha grande satisfacción polo acollemento e trato recibido no noso centro.

– **Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.**

No curso 2019-2020 houbo subtracción de obxectos do alumnado nun grupo de alumnado, tanto na aula como nalgunha taquilla. Tomouse a medida de poñer unha pechadura no armario da aula que so o abría e pechaba o delegado de curso.

Estas incidencias foron tratadas no sistema de xestión de calidade.

Dende que se gardaron os obxectos importantes no armario, cesaron as subtraccións.

## **2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.**

- ✓ Eliminar as subtraccións.
- ✓ Eliminar os enfrontamentos entre o alumnado.
- ✓ Fomentar as relacións entre o alumnado dos distintos grupos.
- ✓ Detectar situacións de acoso e ciberacoso.

## **3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**

### **3.1. Actuacións que facilitan a convivencia, a integración do novo alumnado, así como as relacións entre o alumnado dos distintos grupos.**

i. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

No referente a este apartado temos unha vantaxe moi grande que é que os ciclos formativos que impartimos levan asociada unha grande actividade física realizada igualmente por homes e mulleres, entre o alumnado non hai referencias discriminatorias, en función do xénero, para realizar as actividades e o profesorado tampouco as fai. É de destacar que no ciclo de mergullo non é común, nin maioritaria a presenza de mulleres, pero cando as hai non existe ningún tipo de discriminación de xénero.

Non son necesarias actividades de sensibilización para prever situacións de violencia de xénero.

ii. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Non é maioritaria a presenza de alumnado de raza distinta á branca, nin de culturas diferentes á española, pero nos derradeiros anos hai entre 3 e 4 persoas con cultura diferente.

Maioritariamente o noso alumnado é español e de distintas comunidades, xa que hai poucos centros en España que impartan estes ciclos formativos e en Galiza é o único.

Tampouco hai mostras moi evidentes de poderío económico, agás nos automóbiles, como case todo o alumnado e de fora da Illa de Arousa están alugados en vivendas moi similares, sen ser ostentosas.

En canto a vestimenta, é moi común, non hai xente que destaque e para as clases prácticas todo o alumnado ten o mesmo tipo de roupa.

iii. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

O centro non dispón de departamento de Orientación, polo que non procede este apartado.

iv. Aula de convivencia inclusiva.  
Non procede

### **3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:**

i. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a prepararse para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

Organizaranse unas xornadas para toda a comunidade educativa para adquirir formación que permita identificar o acoso escolar e ciberacoso, así como as medidas que poden aplicarse para previr e para reducir ou minimizar as posibilidades.

Implicar ao alumnado a través da Xunta de delegados na detección de conflitos ou problemas que xeren os conflitos.

Reunións periódicas dos titores coa xefatura de estudos, para compartir os problemas nas aulas e deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia, así como estratexias para implicar a todo o profesorado nas labores de titoría..

Creación de comisións de investigación, se fora o caso, con alumnado e profesorado, sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar.

Rexistro dos conflitos que se producen no centro para ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.

Divulgar entre os membros da comunidade educativa orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.

Definir protocolos de información ante unha situación de acoso.

ii. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.

As canles que faciliten ás vítimas a denuncia da súa situación, deberán ser discretas e confidenciais, polo que haberá un caixón pechado de suxestións e reclamacións, xa disposto polo sistema de calidade, nun lugar discreto do centro.

A vítima poderá comunicar a situación de violencia, acoso, á persoa que exerce a tutoría de grupo, ou a aquel profesorado que lle ofrezca mais confianza, así como á dirección do centro.

As persoas que coñecen situacións de violencia e acoso escolar teñen o deber moral de comunicalo polos canles anteriormente definidos.

Calquera membro do equipo directivo estará dispoñible para escoitar problemas relativos á violencia escolar, e sempre coa confidencialidade debida.

iii. Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.

Hai un protocolo de actuación que se aplica cando se detectan ou denuncian situacións de acoso escolar. E un dos aspectos do protocolo é a determinación de medidas que corrixan e eliminen o acoso escolar.

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

### **Primeira fase.- Coñecemento da situación. Identificación e comunicación:**

1. A dirección do centro designará, de entre o profesorado, a unha persoa para atender á vítima, y que será coa que garde unha relación de confianza e proximidade.

2. A dirección do centro informará ás familias da vítima e da persoa acosadora da situación existente, sempre que sexan menores de idade. Se lles informará tanto dos feitos como das medidas iniciais adoptadas para minimizar os feitos e evitar unha nova situación de acoso.

3. A dirección, se é procedente, designará unha persoa do profesorado que realice as comprobacións previas e se lle facilitará a seguinte documentación: os supostos feitos e os trámites realizados ata o momento do nomeamento, as copias dos partes de incidencias e das medidas correctoras do curso que lle afectan ao alumnado, os datos de absentismo escolar e o informe dos tutores do alumnado. Quedará reflectido nunha acta.

4. A dirección, se o considera oportuno, poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa ou persoal externo. Se se aprecian indicios de delito se porá en coñecemento do ministerio fiscal e dos servizos de protección de



menores. Se se iniciara un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións ata que se resolva.

### **Segunda fase.- Recollida da información e rexistro:**

Nesta fase hai que recadar a información necesaria que permita dilucidar se os feitos denunciados constitúen unha situación de acoso e é necesario incoar expediente.

1. Recollida de información de xeito discreto e de diversas fontes e procedementos: observación directa, vixilancia das zonas de risco para tomar datos da interacción do alumnado, entrevistas individuais a todas aquelas persoas que poidan aportar información. Os procedementos axustaranse á idade e madureza dos entrevistados e teñen que garantir a confidencialidade da información.

2. Entrevista individual á vítima, para dilucidar a veracidade dos feitos denunciados e incoar expediente, se procede, así como proporcionar apoio e protección á vítima, rachar co illamento social que permitiu o acoso. Se o alumno é menor de idade estará presente un adulto. É moi importante xerar un clima de confianza para que a vítima encontre o xeito de expresarse e vexa o alcance do problema.

3. Entrevista individual á persoa responsable do acoso, o obxectivo é recoller información e amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que a persoa agresora tome conciencia das consecuencias da súa conducta. Se é menor de idade, estará presente alguén da familia ou un adulto.

4. Entrevista individual ás persoas observadoras, trátase de obter información para contrastala coa obtida por la vítima e persoa acosadora, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

5. Entrevistas coas familias da vítima e das persoas acosadoras, para coñecer o que as familias saben dos feitos e para mostrarlles a intolerancia cero do centro e serán informados das medidas provisionais que puideran adoptarse.

A información recollida nas entrevistas nunca vai a empregarse como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal.

A dirección do centro poderá recadar asesoramento dos Equipos de Orientación Específicos e da Inspección Educativa.

### **Terceira fase.- Análise da información e adopción de medidas**

Analizarase a información recollida e valorarase se hai coincidencias ou diverxencias nos datos obtidos de diferentes fontes. A información é comunicada á dirección do centro que determinará se a situación detectada é de posible acoso e determinará as medidas provisionais que compre adoptar e a incoación do expediente.

Hai que diferenciar entre medidas de protección á vítima e as medidas reeducadoras e correctoras das persoas agresoras.

As actuacións que constitúen acoso escolar son condutas moi graves para a convivencia e sempre hai que incoar expediente. Unha vez iniciado o expediente, a

dirección do centro o comunicará ao alumnado implicado, ás familias se son menores de idade, á Inspección educativa e ao profesorado titor do alumnado implicado.

### **ADOPCIÓN DE MEDIDAS EDUCATIVAS**

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, que fomenten á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; terán que garantir os dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións dos membros da comunidade educativa.

#### **Medidas de protección á vítima:**

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora).
- Solicitude de colaboración familiar para o control dos fillos.
- Asignación dunha persoa responsable de apio e atención directa á vítima.
- Concertar encontros periódicos do equipo docente para facer seguimento da situación.
- Traballar na titoría individual e grupal: as habilidades sociais e a mellora de autoconcepto e de autoestima.
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados para acompañar á vítima, sobre todo en lugares o situacións de mais risco.
- Cambio de grupo temporal ou definitivo das persoas afectadas.
- Apertura de expediente ás persoas agresoras

#### **Medidas reeducadoras e correctoras para persoa agresora:**

Unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso escolar, as medidas reeducadoras poden ser:

- Recadar dos equipos de Orientación Específica un programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción do procedemento conciliador suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedir perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos.
- Desenvolver a capacidade de empatía, para que o alumnado poda coñecer as emocións da vítima.
- Solicitude de colaboración familiar para vixilancia e control dos fillos.

#### **Medidas dos equipos docentes:**

- Acordar e unificar criterios de actuación, creando un código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia.

- Apoiar e facilitar a labor do profesorado titor.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos.
- Colaborar coa dirección do centro e cos docentes implicados no apoio á vítima e coa persoa instrutora do expediente.

#### **Cuarta fase.- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas**

A dirección do centro ou a persoa en quen delegue realizará un seguimento da situación, para que non se volvan a producir as actuacións de acoso. Comprobarán se as medidas adoptadas son pertinentes, haberá encontros periódicos coa vítima para comprobar a eficacia das medidas e cos agresores para comprobar se modificaron actitudes

### **3.3. Protocolo de Absentismo.**

Segundo a normativa vixente, cando o alumnado presenta absentismo ten que presentar o xustificante ao titor, e pode ter un número máximo de faltas xustificadas equivalentes ao 10% das horas totais do módulo. Se o alumnado supera ese número perde o dereito á avaliación continúa e pode presentarse a unha proba final de módulo. Cando o alumnado acada o 6% de faltas inxustificadas nun módulo faise un apercibimento para que sexa consciente de que pode perder o dereito á avaliación continua. Hai unha instrución técnica que esquematiza o procedemento de actuación ante o absentismo.

Se o alumnado e menor de idade comunícaselle aos pais as faltas de asistencia dos seus fillos.

Segundo a normativa aplicable, os equipos docentes poden xustificar as faltas de asistencia por contrato laboral. Para que os criterios sexan comúns en todos os grupos de alumnos elaborouse un documento na CCP, de aplicación por cada equipo docente.

Coa situación sanitaria que está a acontecer no país, as ausencias por ser convivinte cun positivo e por presentar síntomas, son xustificadas sen requirir xustificante médico. Este plan irá adaptándose segundo xurdan novas instrucións emanadas polas autoridades sanitarias e educativas.

### **3.4. Normas de convivencia do centro**

As normas de convivencia teñen como obxectivo fundamental desenvolver relacións positivas entre todos os membros da comunidade educativa para lograr un clima que contribúa a acadar os obxectivos educativos e as capacidade e habilidades profesionais.

## **ALUMNADO**

### **DEREITOS DO ALUMNADO**

- A unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente de liberdade e respecto.
- A unha formación no ámbito profesional de calidade e actualizada.
- Á igualdade de oportunidades.
- A unha avaliación obxectiva do rendemento académico.
- A unha orientación académica e profesional.
- A seguridade e hixiene no centro.
- A liberdade de conciencia e de expresión.
- A que respecten a súa identidade, integridade e dignidade.
- A unha protección integral contra toda agresión física e moral e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- Á intimidade.
- A reunión, asociación e participación nas actividades do centro.
- A reclamacións, ante decisións académicas e disciplinarias.

### **DEBERES DO ALUMNADO**

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos compañeiros/as á educación.
- Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecendo a súa autoridade.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso, respectando os horarios.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións, materiais e equipamentos.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas, sexuais e morais, a integridade e intimidade dos membros da comunidade educativa.
- Fomentar a igualdade de dereitos entre mulleres e homes.
- Respetar as normas de organización e convivencia do centro.
- Participar de xeito activo na vida do centro por los canles regulamentarios.

## **PROFESORADO**

### **DEREITOS DO PROFESORADO**

- A que se respecte a súa autoridade, a súa identidade e integridade no centro educativo.
- A liberdade de conciencia e de expresión.
- A ser escoitado polo alumnado na súa tarefa formativa.
- A que a administración lle facilite a súa formación e os medios necesarios para impartir unha educación de calidade e actualizada.

- Ao respecto ao seu traballo pola comunidade educativa.

### **DEBERES DO PROFESORADO**

- Respectar as particularidades do alumnado na súa aprendizaxe.
- Fomentar o esforzo no alumnado como ferramenta para conseguir os obxectivos tanto académicos, profesionais, como persoais.
- Fomentar a participación do alumnado nas actividades do centro.
- Fomentar o coidado e uso adecuado das instalacións e equipamentos.
- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas, sexuais e morais, a integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar a igualdade de dereitos de mulleres e homes.
- Estar alerta na observación de conductas contrarias ás normas de convivencia.
- Tratar ao alumnado con obxectividade, valorando as súas capacidades, habilidades e actitudes.

### **PAS**

Dentro de este persoal, temos diferentes colectivos que contribúen de diferente xeito ao desenvolvemento das funcións e organización do centro.

Os colectivos son: Auxiliares de planta e laboratorio, persoal de mantemento, persoal de administración, persoal de conserxería e tripulación.

### **DEREITOS COMÚNS**

- A ser respectados a nivel persoal e profesional polos demais membros da comunidade educativa.
- A ser valorado o seu traballo.
- A que se lle proporcione a formación e/ou os medios necesarios que permitan o desenvolvemento do seu traballo de xeito correcto e eficiente.

### **DEBERES COMÚNS**

- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas, sexuais e morais, a integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Realizar o seu traballo con rigor e profesionalidade.
- Participar no ámbito da súa competencia na organización do centro.
- Dar exemplo ao alumnado co seu comportamento respectuoso e profesional.

### **PERSOAL ALLEO AO CENTRO**

O persoal de limpeza e cafetería, son persoas alleas ao centro, aínda que levan anos no mesmo, e contribúen ao desenvolvemento do alumnado co seu traballo.

### 3.5. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento. (D. 8/2015, 8 xaneiro)

- i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

#### Son condutas leves contrarias á convivencia:

- As agresións, inxurias, ofensas.
- Actos de discriminación por razón de idade, raza, sexo, identidade sexual, capacidade económica e social, conviccións relixiosas, políticas e morais.
- Actos de indisciplina a calquera membro da comunidade educativa.
- Danos ás instalacións, equipamentos e bens de calquera membro da comunidade educativa.
- Actos inxustificados que perturben levemente o desenvolvemento das actividades do centro, así como as complementarias e extraescolares.
- Actuacións que prexudiquen a saúde e integridade persoal dos membros que non teñan carácter de gravidade.
- Portar obxectos, substancias ou produtos prohibidos polas normas do centro que sexan perigosos para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes do centro ou extraescolares.
- A falta de asistencia inxustificada ás clases e as reiteradas faltas de puntualidade.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- **NON EMPREGAR A MÁSCARA de prevención de contaxios do virus causante da COVID-19**

MEDIDAS CORRECTORAS	RESPONSABLES DE APLICACIÓN
a) Amoestación privada ou por escrito	O profesorado ou titor/a do alumnado que tivo a conduta leve contraria á convivencia, oirá ao alumno/a e dará conta á Xefatura de Estudos
b) Comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos.	O profesorado ou titor/a do alumnado que tivo a conduta leve contraria á convivencia, oirá ao alumno/a e dará conta á Xefatura de Estudos
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo	O profesorado ou titor/a do alumnado que tivo a conduta leve contraria á convivencia, oirá ao alumno/a e dará conta á Xefatura de Estudos. A Xefatura de Estudos, oído o alumnado e ao seu profesorado ou titor/a.
d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, en horario non lectivo.	O titor/a do alumnado que tivo a conduta leve contraria á convivencia, oirá ao alumno/a e dará conta á Xefatura de Estudos A Xefatura de Estudos, oído o alumnado e ao seu profesorado ou titor/a.
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata 2 semanas.	A Xefatura de Estudos, oído o alumnado e ao seu profesorado ou titor/a.

f) Cambio de grupo por un período de ata 1 semana.	A Xefatura de Estudos, oído o alumnado e ao seu profesorado ou titor/a.
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinados módulos por un período de ata 3 días lectivos. Durante o tempo da suspensión o alumnado realizará traballos que eviten a interrupción do proceso formativo.	A Dirección do centro, oído o alumnado e ao seu profesorado ou titor/a.
h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata 3 días lectivos. Durante o tempo da suspensión o alumnado realizará traballos que eviten a interrupción do proceso formativo.	A Dirección do centro, oído o alumnado e ao seu profesorado ou titor/a.

As medidas correctoras se comunicarán aos pais/nais antes da súa aplicación, cando o alumnado é menor de idade, así como á comisión de convivencia.

Os pais/nais poderán mostrar o seu desacordo coas medidas correctoras g e h no prazo de 2 días lectivos dende a súa comunicación mediante un escrito dirixido á dirección do centro, que analizará e valorará as alegacións presentadas e se ratificará ou rectificará.

A resolución que impoña algunha das medidas correctoras, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

- ii. **Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

**Son condutas graves contrarias á convivencia:**

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- . Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao PAS que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar. Considerase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/s, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións, equipamentos e materiais do centro (tamén software), ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos e produtos, xa que o profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

**Medidas correctoras:**

- a)- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b)- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre 2 semanas e 1 mes.
- c)- Cambio de grupo.
- d)- Suspensión do dereito de asistencia a determinados módulos por un período entre 4 días lectivos e 2 semanas. Durante o período que dure a medida correctiva o alumnado realizará traballos para evitar a interrupción do proceso formativo.
- e)- Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período entre 4 días lectivos e 1 mes. Durante o período que dure a medida correctiva o alumnado realizará traballos para evitar a interrupción do proceso formativo.

**As seguintes condutas teñen a consideración de gravemente prexudiciais:** as que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición persoal ou social. Estas condutas levan asociadas a medida correctora e).

A medida correctora de cambio de centro non é de aplicación no IGAFa, xa que é o único centro de Galiza que imparte ensinanzas de acuicultura e mergullo



A dirección do centro imporá as medidas correctoras a proposta do/a persoa instrutora do procedemento.

O alumnado sancionado, que mostra un cambio na actitude e conduta poderá incorporarse ao centro ou ás clases antes de rematar o seu período de suspensión, se así o considera a dirección do centro.

iii. **Criterios para a elección do instrutor. Designación de procedemento e a súa instrución. (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).**

A imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia requiren de un procedemento e unha persoa instrutora que leve a cabo o procedemento.

O procedemento pode ser: conciliado ou común (Ver anexo I).

A dirección informará ao profesorado e titoría do alumnado e ao Consello Escolar da conduta prexudicial na que incorreu o alumnado.

De todas as condutas e medidas correctoras quedará constancia por escrito.

A dirección do centro recollerá información dos feitos e decidirá que procedemento se vai a empregar, tendo en conta as características da conduta, a idade da persoa infractora, as circunstancias persoais, familiares e sociais do alumnado así como os seus antecedentes en relación á convivencia. A recollida desta información previa non suporá mais de 2 días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos.

A dirección do centro, en calquera momento en que se atope o procedemento, á vista das repercusións que pode ter a conduta a corrixir, poderá tomar medidas correctoras provisionais, que poderán ser cambio temporal de grupo ou suspensión do dereito de asistencia a determinados módulos, actividades ou ao centro, por un período que non será superior a 3 días lectivos.

Á vista da información analizada a dirección decide o procedemento a seguir e sempre que sexa posible optarase polo procedemento conciliado, no que o alumnado poda reparar de forma voluntaria aos outros membros da comunidade educativa que viron lesionado os seus dereitos.

No prazo de 3 días lectivos, contados dende que se coñecen os feitos, a dirección do centro comunicará por escrito ao alumnado infractor a conduta obxecto de corrección, se é menor de idade aos proxenitores, e propondrá o procedemento conciliado, para que o alumnado poda reparar ás persoas que viron lesionados os seus dereitos, a aceptación do procedemento será por escrito e non poderá superar 1 día de prazo dende que se recibe a notificación.

A dirección do centro designa a unha persoa docente para que instrúa o procedemento, debe ser un docente que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e se ten experiencia ou formación en mediación de conflitos mellor.

Os criterios para designar o instrutor son:

- Que non sexa docente do alumno infractor

- Que sexa sosegado e rigoroso na toma de datos e información
- Que sexa reflexivo para a toma de decisión na proposta de medidas correctoras.

**A persoa instrutora ten as seguintes funcións:**

- Practicar as dilixencias que considere pertinentes para comprobar a conduta do alumnado e determinar a gravidade.
- Custodiar os documentos durante a instrución.
- Propor á dirección do centro as medidas provisionais, se procede, as medidas correctoras, se procede e as medidas educativas reparadoras.
- Propor á dirección do centro o arquivamento da instrución, cando considera que o alumnado non incorreu en conduta a corrixir.

A incoación do procedemento notificarase aos pais, se o alumnado é menor de idade, ou ao alumnado infractor, indicando a conduta a corrixir así como as medidas correctoras, o nome da persoa instrutora e tamén se comunicará á Inspección Educativa.

A resolución do procedemento notificarase aos pais ou ao alumnado maior de idade nun prazo máximo de 12 días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, tamén se comunica á Inspección Educativa.

iv. Gradación das medidas correctoras (art.34)

Para determinar o gradación das medidas correctoras, empregaranse os seguintes criterios:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta, e de ser o caso, o cumprimento espontáneo da reparación dos danos producidos.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión por calquera medio, (incluídos os telemáticos, electrónicos e tecnolóxicos) da conduta, as súas imaxes ou a ofensa
- A natureza dos prexuízos causados.
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

v. Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º)

O procedemento conciliado busca favorecer a implicación e o compromiso do alumnado infractor ou da súa familia, ofrecendo a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediata corrección educativa.

O procedemento conciliado para aplicarse ten que cumprir os seguintes requisitos:

- Que o alumnado responsable dalgunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia, recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposto a reparar

o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras.

· Se houbera outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, deberán mostrarse conformes a acollerse a este procedemento.

Non se pode aplicar o procedemento conciliado, nas seguintes circunstancias:

- Cando a conduta ten unha especial gravidade
- Cando a persoa agraviada, o alumnado ou seus pais (menor de idade) non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando é reiterativo o alumnado en conduta contraria á convivencia e no mesmo curso xa se empregara o procedemento conciliado.

O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector.

#### vi. Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, prescriben aos 4 meses da súa comisión. Interromperase a prescrición unha vez se inicie o procedemento e reiniciarase o cómputo de prazo no caso de producirse a caducidade do procedemento. As medidas correctoras para estas condutas prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón

As condutas leves prescriben ao mes. As medidas correctoras destas condutas prescriben aos 4 meses da súa imposición.

O prazo de prescrición comezará a contar dende que se produce a conduta, agás cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo non comeza a computar ata que non cese a dita conduta.

#### vii. Procedemento común (art. 52).

O procedemento común empregase cando o alumnado ou os seus proxenitores non aceptan o procedemento conciliado ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado. Este procedemento require dunha persoa instrutora que tramite o procedemento e terá 5 días lectivos para a súa instrución, dende que se lle asigna. Realizará a proposta de resolución convocando aos afectados ou representantes que terán un prazo de 3 días lectivos dende a recepción da citación.

#### viii. Terminación do procedemento

A dirección do centro ditará a resolución do procedemento de corrección, á vista da proposta da persoa instrutora. Deberá conter:

- Os feitos probados
- De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade
- Medidas correctoras que se vaian aplicar

- Posibilidade de solicitar ante o Consello escolar, no prazo de 2 días lectivos dende a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

A resolución é notificada ao alumnado ou representante no prazo de 1 día lectivo dende a recepción da proposta da persoa instrutora, tamén remitiraa á xefatura territorial correspondente.

As correccións que se impoñan serán inmediatamente executivas.

### **3.6. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro. (composición, funcións e periodicidade das reunións).**

A comisión de convivencia está constituída por membros do Consello Escolar. As principais funcións van ser:

- Revisión anual do plan de convivencia
- Revisión das resolucións emitidas pola dirección do centro, se procede.
- Atender as propostas da Xunta de Delegados, se procede.
- Reuniranse como mínimo 2 veces no curso escolar, ao inicio do mesmo e a final de curso, e sempre que sexa preciso.

### **3.7. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.**

Non procede

### **3.8. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.**

A través das titorías informarase ao alumnado. Ao profesorado e demais membros da comunidade educativa se subirá o documento ás súas respectivas carpetas Q compartidas.

O profesorado na súa actividade docente implicarase para o cumprimento das normas de convivencia e vixiará se xorden actitudes contrarias á convivencia ou que a dificulten.

Así mesmo a Xefatura de Estudos facilitara que o alumnado que constitúe a Xunta de delegados poida valorar o plan e propor modificacións se o consideran.

### **3.9. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.**

Os mecanismos de seguimento da aplicación do plan de convivencia son:

- A través das titorías
- Pola información proporcionada pola Xunta de delegados
- Polos buzóns de suxestións e reclamacións do sistema de calidade
- Polas enquisas que cumprimenta o alumnado e as empresas.